

Prezadas nais, pais e titores/as legais do alumnado do IES Terra de Xallas:

De acordo co establecido na lexislación vixente van ter lugar **eleccións** para representantes das nais e pais no **Consello Escolar**. Estas eleccións son moi importantes, dado que o Consello Escolar é o órgano de **participación no goberno** do centro dos diferentes membros da comunidade educativa, tamén das nais, dos pais e dos titores/as legais.

Instrucións para participar nas eleccións:

- **Poden votar** todas as nais e pais (os dous) ou titores/as legais do alumnado matriculado no centro.
- **Son elixibles** todas as nais, pais ou titores/as legais, para o cal cómpre que se presenten como candidatos/as.
- Tanto para votar como para presentar a candidatura é preciso estar inscrito no **censo electoral** (pódense presentar reclamacións na secretaría do instituto no prazo fixado).
- Nesta ocasión elíxese 2 representantes das nais e pais, e o outro é escollido pola ANPA.
- O voto será **secreto, directo e non delegable**, igual que sucede, por exemplo, nas eleccións municipais ou autonómicas.
- Para votar, cómpre **acudir ao centro e identificarse mediante o DNI** ou outro documento acreditativo equivalente.
- Pódese votar por un máximo de 1 nome.

Datas e prazos das eleccións:

Do 30 de outubro ao 6 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.
Do 31 de outubro ao 6 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Prazo de presentacións de reclamacións ao censo, que rematará o 11 de novembro ás 00:00 h. Presentaranse na secretaría do centro dirixidas á Xunta Electoral ou a través do correo ies.terra.xallas@edu.xunta.gal
Do 1 ao 8 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Prazo de presentación de candidaturas. Presentaranse por escrito na secretaría do centro ou no correo ies.terra.xallas@edu.xunta.gal (utilizar modelo descargado da web do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/iesterraxallas/)
11 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Proclamación e publicación de candidaturas. Apertura do prazo de reclamacións, que é de 2 días naturais. ✓ Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións. ✓ Sorteio público da designación dos membros das mesas electorais.
Do 14 ao 19 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Campaña electoral nos diferentes sectores.
Xoves 21 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> ✓ As Nais, pais e titores legais votarán de 11:00 h. a 13:30 h. e de 15:30 h. a 18:00 h.
Luns 25 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Proclamación de candidatos/as electos.

Paloma Fernández García - Borregón
 Presidenta da Xunta Electoral